

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convocatoria selección persoal funcionario de carreira - Administrativa/o - Servizos Xerais – Corrección erros Resolución 1593/2025

EXPEDIENTE: 2025/E001/000008

Considerando que a Resolución da Alcaldía nº 1593/2025, de 11 de decembro, aprobou as bases e a convocatoria, en réxime funcionarial, pola quenda de acceso libre, dunha (1) praza de administrativa/o, mediante o sistema de oposición.

A devandita Resolución foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nº 241, de 17 de decembro de 2025.

Visto o informe da técnica de Recursos Humanos emitido o día 6 de marzo de 2026, no que informa dun erro material no Anexo II da devandita Resolución, que recolle o temario para os exercicios da fase de oposición, sendo que

ONDE DÍ

“22. Normativa galega en materia de igualdade: principais medidas incluídas no Decreto 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e títulos I, II e IV”

DEBE DICIR:

“22. Normativa galega en materia de igualdade: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, título preliminar e títulos I, II e III”

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVO:

Primeiro.- Corrixir os erros materiais detectados no Anexo II da Resolución da Alcaldía nº 1593/2025, de 11 de decembro, que aprobou as bases e a convocatoria, en réxime funcional, pola quenda de acceso libre, dunha (1) praza de administrativa/o, mediante o sistema de oposición, quedando redactado o tema 22 como segue:

“22. Normativa galega en materia de igualdade: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, título preliminar e títulos I, II e III”

Segundo.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste Concello: www.teo.gal.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe

Virginia Fraga Díaz